


**REUNIÓN DA DEPUTACIÓN
PERMANENTE**

Día: 30.08.2018 Hora: 12:00



A Presidencia, logo da solicitude formulada polos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 30 de agosto de 2018, ás 12:00, coa seguinte orde do día:

Punto único: Solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

1.1 34706 (10/SCDP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude convocatoria dunha reunión urxente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do presidente da Xunta para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato após o sinistro do Marisquiño.
2. Creación dunha Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como, propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.
3. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para que dea explicacións sobre a falta de reforzo do servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro nas xornadas posteriores ao sinistro do Marisquiño

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

Presidencia do Parlamento

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 27/08/2018 11:47:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE DEPUTACIÓN PERMANENTE

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Miguel Ángel Santalices Vieira

P

Vicepresidente

Diego Calvo Pouso

P

Secretaria

Noela Blanco Rodríguez

S

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

Raquel Arias Rodríguez

P

Francisco José Conde López

P

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Xoaquín María Fernández Leiceaga

S

Beatriz Mato Otero

P

Alberto Núñez Feijóo

P

Ana Belén Pontón Mondelo

BNG

Paula Prado del Río

P

Pedro Puy Fraga

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Alfonso Rueda Valenzuela

P

Antón Sánchez García

EM

Carmen Santos Queiruga

EM

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Patricia Vilán Lorenzo

S

Luis Villares Naveira

EM

Composición de órganos

Deputación Permanente (suplentes)

1. Silvestre José Balseiros Guinarte	P
2. Xosé Luís Bará Torres	BNG
3. María de la Concepción Burgo López	S
4. Marcos Cal Ogando	EM
5. Luca Chao Pérez	EM
6. Juan Manuel Díaz Villoslada	S
7. Teresa Egerique Mosquera	P
8. José González Vázquez	P
9. Abel Fermín Losada Álvarez	S
10. Marta Nóvoa Iglesias	P
11. José Alberto Pazos Couñago	P
12. María Montserrat Prado Cores	BNG
13. Rosa María Quintana Carballo	P
14. José Manuel Rey Varela	P
15. Marta Rodríguez Arias	P
16. David Rodríguez Estévez	EM
17. Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
18. Gonzalo Trenor López	P
19. Sandra Vázquez Domínguez	P
20. Paula Vázquez Verao	EM
21. Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Deputación Permanente
Día: 30.08.2018 Hora: 12:00
Orde do día

1. Solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

Reunión da Deputación Permanente
Día: 30.08.2018 Hora: 12:00
Orde do día

1.1 34706(10/SCDP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitud de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario

Á Mesa do Parlamento

Os Grupos Parlamentares de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do disposto nos artigos 56.4 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento se proceda á **convocatoria urxente da Deputación Permanente**, en base ás seguintes consideracións:

O pasado 12 de agosto, no marco do festival O Marisquiño que se celebra en Vigo, produciuse un grave sinistro provocado polo derrubamento dunha pasarela de madeira que se atopaba en mal estado de conservación. Como resultado deste desastre houbo máis de 467 persoas feridas, algunhas delas en estado de gravidade.

Estamos ante uns feitos extraordinariamente graves, tanto polo elevado número de vítimas como polos danos físicos e psicolóxicos e pola alarma e impacto social que se xerou. Mais, tamén, porque é evidente que fallaron os sistemas de control do estado dunha infraestrutura pública e de todos os controis que un evento destas características require. Un escándalo que é maior cando coñecemos que tanto a Autoridade Portuaria, como o concello de Vigo, tiñan coñecemento das deficiencias que presentaba esta infraestrutura e, así e todo, permitiron e autorizaron a celebración dun evento multitudinario neste emprazamento.

Ante a gravidade desta situación, e máis alá da actuación e das competencias dos órganos xudiciais e administrativos, cómpre que o Parlamento galego sexa sensíbel diante dun tema de grande transcendencia pública. Tanto as vítimas como o conxunto da sociedade galega merecen saber o que pasou, quen son as persoas responsábeis do acontecido e que asuman a súas responsabilidades.



Pola alarma e preocupación social que xerou o sinistro do festival O Marisquiño, solicitamos a convocatoria da Deputación Permanente co obxectivo de dar unha resposta rápida, seria e rigorosa ante uns feitos de extraordinaria importancia. Urxe coñecer as causas, procurar as responsabilidades que poidan derivarse da actuación das administracións implicadas neste tema, e extraer conclusións para evitar que feitos desta natureza poidan repetirse no futuro.

Polo anteriormente exposto, solicitamos a **convocatoria dunha reunión urxente da Deputación Permanente**, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte **orde do día**:

1. Comparecencia do presidente da Xunta para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato após o sinistro do Marisquiño.

2. Creación dunha Comisión de investigación para determinar as causas e as dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de Agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como, propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.

3.- Solicitud de comparecencia do Conselleiro de Sanidade para que dea explicacións sobre a falta de reforzo do servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro nas xornadas posteriores ao sinistro do Marisquiño.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2018 13:03
Nº Rexistro: 34706
Data envío: 21/08/2018 13:03:27.935

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/08/2018 13:00:42

Ana Pontón Mondelo na data 21/08/2018 13:02:44